

A PESCA.

A pesca aínda é **unha das actividades máis importantes no noso sector primario**. Perdeu peso no conxunto da economía española pero segue sendo importante nalgúnas comunidades como Galicia. Segue sendo moi importante na dieta alimentaria española.

Dende o **século XIX** predominan as áreas pesqueiras atlánticas sobre as mediterráneas que están máis esgotadas. Dende principios do **século XX** empezouse a pescar en caladoiros afastados. Nos **anos sesenta** a flota pesqueira española aumentou notablemente ata que entrou en crise debido ó encarecemento do combustible e ó establecemento das 200 millas de augas territoriais como área de pesca exclusiva de cada país.

Dende 1983 está sometida a **Política Pesqueira Común (PPC)** que liberalizou os intercambios coa Comunidade despois dun período de 10 anos. España tamén se integrou nas **Organizacións Comúns de Mercado (OCM)** que fixa os prezo dos produtos.

1 - Tipos de flota.

Os tipos de flota son **de grande altura e de altura que** pescan en zonas lonxe da costa e en caladoiros afastados. Tanto a flota de gran altura como a de altura sufriron un **importante retroceso** como consecuencia da aplicación dos límites territoriais internacionais.

A flota de litoral e baixura foi a que máis sufriu a crise pola necesidade de investimento para mantela modernizada e pola aplicación das 200 millas como augas xurisdiccionais de cada país.

A flota familiar é a única que aumentou nos últimos anos debido ó alto valor das súas capturas.

Un problema común a tódolos tipos de flota é o seu envellecemento que tenta ser solucionado con axudas e subvencións da Unión Europea.

2 - Distribución da flota.

A rexión marítima do Noroeste é a máis importante tanto en cantidade como en valor da súa pesca xa que reúne máis do 85% do total da flota. Os seus principais portos son **Vigo e a Coruña**.

A rexión suratlántica onde destacan os portos de Huelva e Alxeciras.

A rexión canaria co porto das Palmas como o máis importante.

As rexións do Mediterráneo son a Surmediterránea, a de Levante, a Tramontana e Balear. Teñen portos de menor importancia porque os seus recursos foron sobreexplotados.

3 - Os caladoiros.

3.1 - Os caladoiros nacionais están:

No Mediterráneo a temperatura media é superior á do Atlántico e a salinidade superior polo que existe menos fitoplancto e a riqueza pesqueira é menor. Péscase sardiña, atún, e bonito.

No Atlántico cántabro a temperatura media é menor e a salinidade tamén polo que a súa riqueza pesqueira é maior. Péscase atún, bonito, peixe espada, sardiña, peixe sapo, pescada, ollomol, meiga, e xurelo.

Na costa atlántica andaluza péscase sardiña, xurelo, salmonete, ameixa, navalla, gamba, cigala, e langostino pero presenta síntomas de esgotamento.

3.2 - Caladoiros internacionais onde habitualmente faena a nosa flota.

O Atlántico noroeste: Terranova, Labrador, e Groenlandia. O bacallao foi a pesca tradicional. Actualmente está limitado polo problema das augas xurisdiccionais.

O Atlántico nordés: Noruega e Mar do Norte. Practícase a pesca de arrastre que captura habitualmente pescada, peixe sapo, xurelo, e cigala. Tamén está moi afectada polos límites territoriais.

O Atlántico central leste: Marrocos, Mauritania, e Senegal. Péscase pescada, gamba, xurelo e xarda.

O Atlántico sueste: Namibia e República Sudafricana. Esta flota está especializada en conxelación de pescada.

Os caladoiros do Índico oeste en torno a Mozambique donde se pesca e conxela marisco.

4 - Administracións que interveñen na política pesqueira.

A Unión Europea que fixa os obxectivos xerais e concede axudas a través do FEP (Fondo Europeo de Pesca.)

O Estado español que elabora a planificación xeral pesqueira e concreta as directrices europeas.

As comunidades autónomas que teñen competencia nas súas augas costeiras, no marisqueo, e nos cultivos mariños.

5 - Crise da pesca e política pesqueira.

5.1 - Os indicadores da crise:

Os indicadores da crise son o descenso da poboación ocupada na pesca, 0'25% no 2007 e a diminución da súa contribución ó PIB, inferior ó 1%, e a necesidade de importar grandes cantidades de peixe.

5.2 - O problema dos caladoiros:

O problema dos caladoiros. Os caladoiros son lugares apropiados para tirar as redes. Non abastecen a demanda de consumo e están sometidos a múltiples regulacións.

Os caladoiros nacionais son pequenos e están contaminados e sobreexplotados polo que se está a desenvolver unha política de recuperación dos recursos. **Os caladoiros comunitarios** están sometidos a un sistema de cotas fixadas anualmente. E **os caladoiros internacionais** teñen restricións de pesca.

Existen as “**Zonas Económicas Exclusivas de Pesca**” que están situadas entre a costa de cada país e as 200 millas náuticas. Estas zonas funcionan dende 1974 e foron sancionadas pola ONU en 1982.

A pesca en alta mar está regulada por “**Organizacións Rexionais de Pesca**”(ORP) que subscriben acordos ca Unión Europea.

España que ten unha flota pesqueira importante promove a continuación dos acordos de pesca con terceiros países e a sinatura doutros novos que permitan incrementar as posibilidades de pesca do noso país.

5.3 - Problemas demográficos:

A poboación ocupada na pesca é escasa, está envellecida, e ten escasa formación. Para paliar estes problemas concédenselle axudas ós novos pescadores, contéplase a mellora da formación profesional, e foméntase a competitividade e a diversificación do sector.

5.4 - Problemas económicos:

A frota pesqueira española ten un **tamaño excesivo** comparado ca súas posibilidades de pesca, e os **barcos son vellos**, máis de 30 anos de idade media. Para facer fronte a estes problemas **iniciouse unha reconversión do sector** ca redución do tamaño da frota incentivando as prexubilacións, o desguace dos barcos vellos e a dedicación a outras actividades. Tamén se deron axudas á modernización da frota e ó mantemento da pesca artesanal.

Pouca diversificación económica dos pobos dedicados á pesca. Para aumentar a diversificación económica promovéronse outras actividades como a pesca deportiva, as instalacións de acuicultura e a participación dos pescadores noutras labores como a limpeza dos fondos mariños.

Escaso emprego das telecomunicacións e das novas tecnoloxías. Para facer fronte a este problema promoveuse o uso das novas tecnoloxías na detección dos bancos de pesca, na pesca selectiva, e na implantación de novos cultivos mariños.

Problemas de transformación e comercialización dos produtos. Para paliar esta situación foméntanse as cooperativas pesqueiras e promocionase o consumo de peixe.

Problemas de seguridade e sanidade. Para elo contrólase a correcta etiquetaxe do peixe, e a súa posible contaminación.

5.5 - Problemas ambientais:

A sobreexplotación dos recursos pesqueiros. Fronte a isto repobóanse os caladoiros e establécense cotas de pesca, paros biolóxicos, e talles mínimos.

A contaminación das augas débese sobre todo ás verteduras de combustibles dos barcos e fronte a este problema tentase evitar as verteduras e rexenerar as augas degradadas.

6 - A acuicultura.

É a cría de especies animais e vexetais mariñas ou de auga doce. Estase a fomentar como forma de aumentar o abastecemento de peixe para o consumo da poboación.

6.1 - A acuicultura mariña.

Existen dous tipos de acuicultura mariña, a **acuicultura extensiva** que só interfere nalgúns fases da produción, como a alimentación ou reprodución e a **acuicultura intensiva** que intervéen en todo o proceso vital da especie.

Cultívanse baixo estes sistemas os mexillóns, as ostras, as ameixas, o polbo, os berberechos, o rodaballo, o linguado, e o salmón.

6.2 - A acuicultura continental ou de auga doce.

Cultiva troita, cangrexos, carpas, e esturións.

6.3 - Os problemas da acuicultura son:

Os elevados custos de instalación e produción que reducen a competitividade, as enfermidades dos peixes, e a contaminación das augas.

A Unión Europea e España están fomentando esta actividade a través da concesión de subvencións para implantar e mellorar as instalacións, promover a investigación de novas especies, mellorar a calidade e sanidade dos peixes, e evitar a contaminación.